

A INFANCIA DUN LIDER

[Brady Corbet, 2015]

462

PASE ÚNICO EN NUMAX: 03.12.2018 | V.O.S.E. | +12

The Childhood of a Leader (2015, 115')

Dirección: Brady Corbet

Guión: Brady Corbet

Elenco: Bérénice Bejo, Liam Cunningham, Tom Sweet, Robert Pattinson, Yolande Moreau, Stacy Martin

Son: David Vranken

Montaxe: Dávid Jancsó

Fotografía: Lol Crawley

Produtoras: Bow and Arrow Entertainment, Bron Capital Partners, FilmTeam, Hepp Film, MACT Productions, Scope Pictures, Unanimous Entertainment (Reino Unido, Hungría, Francia)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2015 (Mellor dirección e opera prima Sección Horizontes), Sevilla 2015 (Sección Oficial), Independent Spirit Awards 2016 (Nomeada a mellor fotografía e opera prima)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Vox Lux, 2018

Protect You + Me [curtametraxe], 2008

SINOPSE

A historia dunha familia norteamericana que vive en Francia durante o período de posguerra, tras a I Guerra Mundial. A situación do país será o xerme do fascismo que agromará en varios lugares e o benxamín da familia será un dos seus futuros líderes.

«Sorprende, impacta e marca a presenza dun director ao que haberá que ter en conta no futuro»

Diego Lerer, MICROPSIACINE.COM

OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX

Entrada gratuíta até completar aforo



“Historia dun pequeno monstro”

Por Luís Miguel Oliveira

A *infancia dun líder* aseméllase máis a un filme de terror que a unha ficción política, e está máis próximo a unha daquelas fantasías con monstros infantís (como o inicio do *Halloween* de Carpenter, por exemplo, cando a cámara amosa a Michael Myers de neno) do que a un estudo histórico fundamentado. «Mussolini, de neno, gostaba de apedrear os curas que saían da igrexa», cóntanos Corbet, e iso é a base dunha das escenas do filme, cando o mozo Prescott fai o mesmo. Segundo conta Corbet, vivía coa idea dun filme sobre o período *interbellum* en Europa desde a fin da adolescencia cando leu un libro (de Margaret MacMillan) sobre as negociacións do Tratado de Versalles. Máis tarde descubriu un conto de Jean-Paul Sartre que lle deu a pista narrativa que seguiría para a escrita do argumento (deulle tamén o título: o conto de Sartre chámase *L'Enfance d'un Chef*). A pesar das pistas recoñecibelmente históricas, como a anécdota de Mussolini, ou os uniformes castaños con tiras vermellas da secuencia final, Corbet non quería quedar fixado na Historia. Non quería facer «o enésimo filme sobre Hitler ou Mussolini», quería construír «unha alegoría», ou «unha lectura poética da Historia». E que as personaxes fosen «suficientemente baleiras» para que o espectador «proxectase nelas» as súas propias «fantasmas históricas».

Publicado en publico.pt, Novembro de 2016.

“Ir ao cinema acabará sendo como ir ao teatro”

Entrevista a Brady Corbet

Por Adam

Como describirías *A infancia dun líder*?

Basicamente é unha crónica das experiencias temperás dun futuro fascista despois da primeira guerra mundial. É unha especie de historia virtual ou ficción histórica.

De onde sae a historia? Lin un libro que me encantou de Margaret MacMillan, que era parente de Churchill. Falaba dos seis meses anteriores á sinatura do Tratado

de Versalles que casualmente sentaría as bases do ascenso do fascismo quince anos despois. Decidín crear un personaxe que estivera dalgún xeito metafisicamente conectado aos feitos que definiron os primeiros anos do século XX.

Tentoute falar dunha persoa real, específica?

Non, nunca. Non estou interesado nos biopics porque non deixan moita liberdade e é molesto cando non hai xeito de facelos dunha forma xusta. Así que estou moito máis interesado nunha caste de lembranza poética.

Robert Pattinson ten no filme nun papel crucial. Fixo moitos filmes interesantes desde que rematou a serie *Crepúsculo*, e está a xerar interese máis aló do fenómeno fan en filmes interesantes e difíciles. Este é o caso?

Rob máis eu estamos entusiasmados con este papel e o sorprendente que pode chegar a ser. Debido á súa importancia e ao xeito no que isto é utilizado e o que comunica, era importante que fora alguén moi recoñecíbel o que interpretara ese papel. Unha caste de Janet Leigh en *Psicose*, precisábase facer desaparecer a todos os demais, dalgún xeito.

Traballaches como actor en filmes cando eras un neno. Iso axudouche co neno do filme?

Penso que si. Sobre todo cando recordo que quería ser tratado como un adulto, con respecto. Sei o que é estar na fronteira entre a nenez e a madurez, así que o único que fixen foi non dirixirme a el de xeito diferente aos demais. Non recibiu ningún tratamento especial. O primeiro día estaba algo estresado porque tivemos que facer moitas tomas onde era golpeado, e foi duro porque o estaba todo o tempo polo chan, tiña as costas queimadas e era o primeiro día!

Dixeches que gravastes en Hungría.

Como fixestes para localizar? O

meu deseñador de produción é deus. Traballou no filme durante moito tempo, presentoume Haneke, que traballou para el en *Amor*, é un deseñador moi elegante, un arquitecto que dá clase en París. Buscamos algo cunha certa textura, as localizacións son unha mestura entre as cousas que xa estaban alí e as que construímos a propósito.

A combinación de localizacións, a música, a atmosfera... é todo moi cinematográfico. Pero tendo en conta o difícil que é facer filmes, financeiros e distribuílos, nunca pensaches en distribuílo dixitalmente ou estás comprometido coa distribución clásica

do cinema? Estou bastante pasado de moda, filme todo en película, incluso as miñas curtametraxes. Nunca fixen nada en dixital, excepto unha canción, que foi a miña única experiencia dixital e non me gustou. Coa fotografía estaba contento, pero non ten a mesma calidade... Non hai que facerlle. Encántame ir ás salas de cinema. Penso que ir ao cinema acabará sendo como ir ao teatro, un nicho especializado no efémero ou algo así. O único que non me gusta de ir ás salas de cinema agora mesmo é que non hai moita diferenza entre un DCP e a pantalla dun portátil. Cando asisto a unha proxección dixital nun cinema moitas veces penso que debería quedar na casa porque a calidade da imaxe e a textura é a mesma.

Publicado en <https://seensome.com>

Traducións: Olalla Cociña

BRADY CORBET

A *infancia dun líder* supuxo o debut tras a cámara do recoñecido actor norteamericano afincado en Europa, Brady Corbet. Con 27 anos xa traballara ás ordes de Michael Haneke (*Funny Games*), Lars von Trier (*Melancolía*), Olivier Assayas (*Sils María*), Bertrand Bonello (*Saint Laurent*), Ruben Östlund (*Fuerza Mayor*) ou Antonio Campos (*Simon Killer*). A *infancia dun líder* resultaría gañadora en Venecia dos galardóns á Mellor dirección e opera prima (Sección Horizontes). En decembro estreárase *Vox Lux* nos Estados Unidos, a súa segunda longametraxe, protagonizada por Natalie Portman.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta ademais co apoio do Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, o que permite o acceso **gratuito até completar aforo** a todas as sesións e a posibilidade de acadar **1 crédito ECTS** para o estudantado da USC que acoda a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realice un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org